



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Brigada incendios 2021. Convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación temporal por obra ou servizo de 5 persoas para a Brigada de revención e defensa contra incendios forestais e de 3 operarios de motobomba.

Por resolución da alcaldía núm. 1136/2021 de 19/05/2021 aprobáronse as bases e convocatoria para a contratación do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais: un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios, así como de 3 operarios de motobomba.

O prazo de presentación de instancias é de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

O texto das Bases é o transcrito de seguido.

BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

As presentes bases regulan a selección de persoal para a provisión con carácter temporal e en réxime laboral das seguintes prazas no marco do “Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Carballo para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente con Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014 – 2020”, cuxo prazo de vixencia foi obxecto de ampliación ata o 31 de decembro de 2020, segundo a terceira addenda formalizada o 31/12/2020.

- 1 praza de XEFE DE BRIGADA

- 1 praza de PEÓN CONDUTOR

- 3 prazas de PEÓNS DE BRIGADA

- 3 prazas de OPERARIOS DE MOTOBOMBA

O procedemento de selección que se sinala nestas bases axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación. En defecto de previsión concreta nestas bases rexeran, con carácter supletorio, as bases xerais segunda a décimo sexta para a provisión en propiedade das prazas vacantes de funcionarios/as de carreira e persoal laboral incluídas na OEP do Concello de Carballo para 2010 e aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 07/12/2010 e 20/12/2010 (BOP núm.3 de 05/01/2011, páxinas 131 e seguintes).

O ámbito de actuación da brigada de prevención e defensa contra incendios será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable, o persoal da brigada municipal participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

Os membros da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante

Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos nos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordados.

- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos de traballo serán de duración determinada e formalizaranse baixo a modalidade de “contrato por obra ou servizo determinado” previsto na lexislación vixente, sendo a duración máxima da xornada 40 horas/semana.

A duración dos contratos será de **3 meses** contados a partir da sinatura dos mesmos.

Serán de aplicación aos contratos celebrados as causas de extinción dos contratos laborais previstas no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

a) **Nacionalidade.** Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois

b) **Idade.** Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.

c) **Capacidade funcional:** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial. No seu defecto, debido ás actuais circunstancias provocadas pola Covid-19, admitirase unha declaración do aspirante de que está en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño do posto de traballo e para a realización da proba de aptitude física prevista na fase de oposición do proceso selectivo.

d) **Habilitación.** Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) **Compatibilidade.** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) **Titulación.** Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Para a praza de Xefe de Brigada: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente.

- Para as prazas de peón de brigada, peón condutor, e operario de motobomba: certificado de escolaridade ou equivalente ou outros superiores.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite a súa homologación.

g) Ademais, para as prazas de Xefe de Brigada e de Peón Condutor, é preciso estar en posesión de carné de conducir “B”; e para as prazas de Operario de motobomba, é preciso estar en posesión de carné de conducir clase “C”, comprometéndose a mantelo vixente mentres dure esta contratación.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4.1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base segunda desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

As citadas solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Carballo durante o prazo de **vinte días naturais**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria e destas bases no Boletín Oficial da Provincia. A convocatoria tamén se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na prensa.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante telefax (981 702858) ou e-mail (xestiondepersoal@carballo.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, pois de non facelo así, e de darse a circunstancia de non ter recibida a documentación no citado prazo, poderán ser excluídos do proceso selectivo.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

4.2.- Nas respectivas instancias, os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 3º destas Bases, **indicarán a praza ou categoría á que optan (xefe brigada, peón condutor, peón brigada, ou operario de motobomba)** e acompañarán inescusablemente os seguintes documentos:

4.2.a) Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezoito euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame, para os aspirantes ás categorías de peón condutor, peón brigada, ou operario de motobomba, e a cantidade de vinte e catro euros (24,00€) para o caso de optar á categoría de xefe de Brigada. Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais (cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta), número de conta de ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 ou número de conta de CAIXABANK ES77 2100 2322 4002 0001 3249.

A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

4.2.b) Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

4.2.c) Fotocopia da titulación esixida para presentarse ao proceso conforme ao disposto na base terceira, apartado f).

4.2.d) Fotocopia do permiso de conducir categoría B, para aqueles aspirantes que opten as prazas de Xefe de Brigada e Peón Condutor; e fotocopia do permiso de conducir categoría C, para aqueles aspirantes que opten as prazas de Operario de motobomba.

4.2.e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer as funcións e tarefas propia do posto de traballo a desempeñar e que acredite estar en situación de poder desenvolver unha proba de esforzo físico. No seu defecto, declaración das condicións físicas do aspirante á que se fai referencia na Base 3ª letra c).

Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a xordeira son igualmente causas de exclusión.

4.2.f) Documentos xustificativos dos méritos alegados e relacionados no Anexo I da convocatoria para cada unha das prazas, para a súa avaliación na fase do concurso.

4.3.- Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

4.4.- Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

QUINTA.- LISTAXE DE ADMITIDOS/AS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DO EXERCICIO DA OPOSICIÓN.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución aprobando a **listaxe provisional** de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicárase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto

na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de **cinco días hábiles**, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 69 da Lei 39/2015.

2.- Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a **listaxe definitiva** de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da realización do exercicio da oposición, así como a composición do tribunal cualificador. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as. A designación farase de conformidade co Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado público, e na súa composición tenderase a paridade entre home e muller.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo cós artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

A selección dos aspirantes efectuase polo sistema de concurso-oposición, de acordo co seguinte detalle:

7.1.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN.

Os/as aspirantes serán convocados para o exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren a proba de esforzo físico de provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "Y", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 29 de xaneiro de 2021, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado nese día (DOG nº 24 do 05/02/2021), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

7.2.- FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS.

O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polos/as aspirantes.

Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade, sempre que esta xustificación posterior se presente no Rexistro deste Concello con anterioridade á aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as ou excluídos/as.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente xunto coa solicitude de participación coa presentación das fotocopias correspondentes, de acordo co baremo que se achega como **Anexo I** destas bases para cada unha das categorías ofertadas. Ningún mérito poderá ser puntuado en máis dun apartado.

A fase de concurso desenvolverase con carácter previo á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello. Non obstante, non é preceptivo que medie un prazo previo entre a publicidade das cualificacións da fase de concurso e o chamamento de aspirantes e inicio da fase de oposición.

7.3 FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición ten carácter eliminatorio e será común para todas as prazas. Consistirá na realización dunha proba física de esforzo que permita garantir as condicións de saúde precisas para o desempeño do posto de traballo.

Será cualificada como apto ou non apto, sendo requisito imprescindible para obter a cualificación de apto/a a superación dunha proba de banco, que consistirá en subir e baixar dun banco, de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces minuto) durante un período de 5 minutos, sendo necesario para ser considerado apto/a obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación dos resultados da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba, aprobadas a estes efectos pola Consellería de Medio Rural e do Mar.

7.4.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

A cualificación final virá determinada pola suma da puntuación obtida en cada un dos apartados baremables da fase de concurso.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

Serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación global.

En caso de igualdade será seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación por experiencia profesional. De persistir o empate, serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación por experiencia profesional no ámbito da Administración Pública, e, de persistir o empate, serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación por experiencia profesional no ámbito da empresa privada. Por último, e de persistir o empate, serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación por asistencia a cursos relacionados co posto de traballo convocado, e de persistir o empate, por cursos en materia de prevención de riscos laborais.

OITAVA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN, LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN E OBRIGAS DO SELECCIONADO CON CARÁCTER PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios do Concello o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos contratos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Listaxe de substitucións. Na acta do tribunal incluírase unha relación dos/as aspirantes, por orde de puntuación, que tendo superado o exercicio da oposición, no seu caso, non foran incluídos na listaxe de aprobados/as e proposta de contratación para cada unha das categorías ofertadas, aos efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as. A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais, será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Presentación de documentos. Os/as aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días naturais (contado a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, así como a documentación orixinal dos méritos que fosen alega-

dos e valorados na fase de concurso para o seu cotexo e compulsa coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentaran a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilizadas en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo

Obrigas dos/as seleccionados/as. As persoas seleccionados estarán obrigadas a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Carballo.

A non superación do recoñecemento médico ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación, ou no seu caso de resolución do contrato, do traballador/a seleccionado/a, sen prexuízo das posibles accións que procedan por incorrer en falsidade na declaración xurada.

Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

NOVENA.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan e superada a proba de esforzo físico e o curso teórico-práctico referido na base oitava, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal por obra ou servizo.

Previamente á sinatura dos contratos, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán incorporarse aos seus postos de traballo no prazo máximo de tres días naturais dende que sexan requiridos para elo.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen aos posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

No suposto de que os/as seleccionados/as non presenten a documentación requirida ou ben renuncien ao posto obtido, ou ben non superen o recoñecemento médico así como o curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais, a proposta de contratación efectuarase ao seguinte da listaxe de substitucións a se fai referencia na cláusula 8ª destas bases.

Período de proba. As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO

Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse, exclusivamente, a través do taboleiro de edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

Protección datos de carácter persoal. De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo.

DÉCIMA PRIMEIRA.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

Cuarta.- Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será a da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

ANEXO I. BAREMO DE MERITOS PARA A FASE DE CONCURSO.

I.A.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE XEFE DE BRIGADA.

I.A.1) Experiencia Profesional.

Por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con similares funcións:

- a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes, ata un máximo de 7 puntos.
- b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes, ata un máximo 3 puntos.

I.A.2) Formación Profesional.

Por asistencia a cursos relacionados có posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares), ata un máximo de 4 puntos: 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

I.A.3) Cursos de prevención de riscos laborais:

Os cursos de tipo presencial valoraranse:

- Ø Desde 20 ata 50 horas 0,25 puntos.
- Ø Desde 51 a 300 horas: 0,50 puntos
- Ø Máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos de formación en liña valoraranse:

- Ø Desde 20 ata 50 horas 0,15 puntos.
- Ø Desde 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- Ø Máis de 300 horas: 0,50 puntos

A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto.

Non se valorarán os cursos de prevención de duración inferior a 20 horas, sexan de tipo presencial ou en liña.

I.A.4) Ser titular de permisos de conducir.

Por estar en posesión de permisos de conducir, diferentes e a maiores do requirido como requisito dos aspirantes na base terceira, apartado d): 0,25 puntos por cada un deles, ata un máximo de 0,50 puntos.

I.A.5) Coñecemento da lingua galega:

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose unicamente o grao superior alegado, e concedéndose validez soamente aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

- Celga 1: 0,10 puntos
- Celga 2: 0,15 puntos
- Celga 3 ou Grao de iniciación 0,25 puntos
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento..... 0,50 puntos

Deberá xustificarse mediante a presentación do diploma ou documento que o acredite.

I.B.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A UNHA PRAZA DE PEÓN CONDUTOR.

I.B.1) Experiencia Profesional.

Por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con similares funcións:

- a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes, ata un máximo de 7 puntos.
- b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes, ata un máximo de 3 puntos.

I.B.2) Formación Profesional.

Por asistencia a cursos relacionados có posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares), ata un máximo de 4 puntos: 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

I.B.3) Cursos de prevención de riscos laborais.

Os cursos de tipo presencial valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,25 puntos.
- Desde 51 a 300 horas: 0,50 puntos
- Máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos de formación en liña valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,15 puntos.
- Desde 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- Máis de 300 horas: 0,50 puntos

A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto.

Non se valorarán os cursos de prevención de duración inferior a 20 horas, sexan de tipo presencial ou en liña.

I.B.4) Ser titular de permisos de conducir.

Por estar en posesión de permisos de conducir, diferentes e a maiores do requirido como requisito dos aspirantes na base terceira, apartado d): 0,25 puntos por cada un deles, ata un máximo de 0,50 puntos.

I.B.5) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal: 2 puntos.

Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente: 1 punto.

I.C.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A TRES PRAZAS DE PEÓNS DE BRIGADA.

I.C.1) Experiencia Profesional.

Por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con similares funcións:

- a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes, ata un máximo de 7 puntos.
- b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes, ata un máximo de 3 puntos.

I.C.2) Formación Profesional.

Por asistencia a cursos relacionados có posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares), ata un máximo de 4 puntos: 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

I.C.3) Cursos de prevención de riscos laborais.

Os cursos de tipo presencial valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,25 puntos.
- Desde 51 a 300 horas: 0,50 puntos
- Máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos de formación en liña valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,15 puntos.
- Desde 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- Máis de 300 horas: 0,50 puntos

A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto.

Non se valorarán os cursos de prevención de duración inferior a 20 horas, sexan de tipo presencial ou en liña.

I.C.4) Ser titular do permiso de conducir B: 0,50 puntos.

I.C.5) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal: 2 puntos.

Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente: 1 punto.

I.D.- BAREMO DE MÉRITOS PARA O ACCESO A TRES PRAZAS DE OPERARIOS DE MOTOBOMBA.

I.D.1) Experiencia Profesional.

Por servizos prestados en traballos directamente relacionados ou similares coas funcións do posto de traballo:

- a) Na Administración Pública: 0'10 puntos/mes, ata un máximo de 7 puntos.
- b) Na empresa privada: 0'05 puntos/mes, ata un máximo de 3 puntos.

I.D.2) Formación Profesional.

Por asistencia a cursos relacionados có posto de traballo convocado (protección civil, prevención e defensa contra incendios forestais, seguridade e mantemento de maquinaria forestal, conservación e defensa das masas forestais ou similares), ata un máximo de 4 puntos: 0,10 puntos por cada 30 horas formativas.

I.D.3) Cursos de prevención de riscos laborais.

Os cursos de tipo presencial valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,25 puntos.
- Desde 51 a 300 horas: 0,50 puntos
- Máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos de formación en liña valoraranse:

- Desde 20 ata 50 horas 0,15 puntos.
- Desde 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- Máis de 300 horas: 0,50 puntos

A puntuación máxima por este apartado será de 1 punto.

Non se valorarán os cursos de prevención de duración inferior a 20 horas, sexan de tipo presencial ou en liña.

I.D.4) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal: 2 puntos.

Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente: 1 punto.

FORMA DE ACREDITACION DOS MERITOS PARA TODAS AS CATEGORIAS.

Experiencia Profesional.

Para a xustificación da experiencia será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado de empresa ou fotocopia dos contratos, onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

Para estes efectos non se computarán os servizos que prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Formación Profesional.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar, con suficiente claridade, o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, éstos non se valorarán.

O mesmo curso recibido en máis dunha ocasión só computará unha vez. En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán valorados.

Os cursos de formación sobre prevención de riscos laborais serán puntuados segundo o previsto no apartado correspondente a prevención de riscos laborais.

Cursos de prevención de riscos laborais.

A súa realización deberá xustificarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que o acrediten, nos mesmos termos que o previsto no parágrafo anterior.

Ser titular de permisos de conducir.

Nas categorías en que se valore este mérito deberá achegarse fotocopia do permiso de conducir da categoría que corresponda, que deberá estar en vigor.

Titulacións académicas: Deberá achegarse fotocopia da correspondente titulación.

En Carballo, 21 maio de 2021

O alcade

Evencio Ferrero Rodríguez

2021/4320